



Confederación Intersindical Galega
Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña
Teléfono 981183969 – FAX 981183679
Email coruna@cigtelefonica.com

Convocada Folga en O + M

O mércores 3 de decembro convocouse Folga en O+M. A CIG estivo sempre a disposición dos traballadores neste conflito e procuramos que o Comité tamén se implicara como pretendían os traballadores, pero non foi posible.

Despois das Asembleas dos días 17 e 24, celebrouse un Pleno Extraordinario o 25 de novembro, neste Pleno presentáronse varias Propostas de Resolución: Unha conxunta de CCCO e UGT, e as do resto de forzas sindicais. A proposta de CCCO e UGT non contemplaba o apoio ás medidas acordadas polos compañeiros de O+M. CIG, AST, CGT e STC puxémonos de acordo para elaborar e presentar unha única proposta de Resolución de apoio aos compañeiros de O+M para levar adiante as mobilizacións propostas por eles.

Na CIG entendemos que a proposta de CCCO e UGT ten como obxectivo retrasar as medidas que queren levar adiante os traballadores de O+M, medidas coas que estas organizacións non están de acordo nin no modelo nin na urxencia.

Na votación, a proposta presentada por CIG, AST, CGT e STC non logrou a maioría necesaria pois CCCO e UGT abstivéronse, quedando aprobada a súa exclusivamente cos seus votos.

Os compañeiros de O+M confirmaron cun escrito, asinado e enviado ao Comité, que consideraban insuficiente a proposta e pedían novamente o apoio do Comité. Ante esta situación: desexo de avanzar nas mobilizacións por parte dos traballadores de O+M, e intento de frear ese avance por parte de CCCO e UGT, decidimos convocar a Folga que dende hai tempo se está demandando por parte dos traballadores.

A convocatoria está realizada pola CIG e máis AST e CGT (STC non convoca pero apoia e forma parte do Comité de Folga), o que se demanda é o que levamos falado nas Asembleas de traballadores que se teñen realizado.

Esixir a retirada do Plan de Actividades para O+M e en particular:

- Que non se externalice ningunha actividade de mantemento que actualmente se asume dende as unidades de Conmutación e Transmisión.
- Que non se force a ningún dos traballadores que actualmente compoñen estas unidades a saír das mesmas para outros departamentos, o que facilitaría a entrada da contrata en O+M.
- Que, por ser necesario para unha correcta atención do mantemento, non se suprima ningunha das quendas actuais e se manteñan os mínimos de persoal que existe hoxe en día.

A convocatoria de Folga ten carácter indefinido, os paros dunha hora de duración terán lugar os martes (comezando o 16 de decembro) na última hora de cada quenda (mañá, tarde e noite). O comité de Folga está convocado pola empresa para o martes 9.

PRIMEIRA XORNADA DE PARO MARTES 16 DE DECEMBRO, ÚLTIMA HORA DE CADA QUENDA: MAÑÁ, TARDE E NOITE.

Non debemos permitir que se externalicen aínda máis actividades nesta empresa, moito menos actividades localizadas que poden fixar traballadores nas localidades, o desmantelamento que está procurando a empresa debe obter unha resposta contundente por parte dos traballadores, e nesa loita estará sempre a CIG.

A CIG sempre na defensa dos teus dereitos !!!

A Coruña 4 de decembro de 2008